



A revolución dos pequenos satélites: Coñece o estándar CubeSat



05.10.2023



17:00 – 18:00 H



CENTRO GAIÁSTECH E STREAMING

Cal é o programa?

- › Sistemas espaciais (motivación, vantaxes e desvantaxes, ...)
- › Retos dun sistema espacial (condicións, materiais, órbitas, ...)
- › Estándar Cubesat (orixe, formato, requisitos, ...)
- › Subsistemas dun Cubesat (EPS, TTC, OBDH, ADCS, ...)

Quen imparte?

A asociación UVigo SpaceLab, un equipo de estudantes da Universidade de Vigo que se dedica ao deseño, fabricación e operación de pequenos satélites. Buscan poñer en práctica os coñecementos teóricos adquiridos durante a carreira a través do desenvolvemento de proxectos e misións espaciais a nivel nacional e internacional. Na actualidade, traballan na súa misión BIXO, un CubeSat 2 U que estudará como lle afecta a unha poboación bacteriana a exposición prolongada ao ambiente espacial.

Cando e onde?

05 de outubro de 2023

De 17:00 a 18:00 H

- › **Centro GaiásTech. Cidade da Cultura**
- › **Streaming**

Para quen?

Profesionais do ámbito aeroespacial, emprendores/as, estudantes

Por que?

O sector aeroespacial atópase en cambio constante, onde o abaratamento dos custos está a facer posible un espazo cada vez máis accesible. Ao longo desta xornada, coñecerás unha das razóns principais de que cada vez máis misións vexan a luz: o estándar CubeSat. Aprenderás sobre teoría orbital básica, terminoloxía e os diferentes subsistemas dun satélite, xunto cos retos e beneficios de levalo a órbita e operalo desde terra.

[Inscríbete!](#)